

INFORME DE LEGALIDADE DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA SOBRE PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULA O FORO DO LITORAL DE GALICIA

En cumprimento do disposto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, esta Secretaría Xeral Técnica emite o seguinte,

INFORME

1. Obxecto

Este decreto ten por obxecto:

Este decreto ten por obxecto a regulación do Foro do Litoral de Galicia como órgano Colexiado de participación, asesoramento e consulta en materia de ordenación do litoral de Galicia, creado polo artigo 16 da Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, de xeito que permita unha xestión máis eficiente e integrada.

O Foro do Litoral de Galicia configúrase como un órgano Colexiado dos previstos na sección 3ª do Capítulo I do Título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia, e adscríbese á consellería competente en materia de ordenación do litoral, a través da dirección xeral correspondente, e promoverá a colaboración entre a administración pública, os sectores produtivos e a sociedade civil.

2. Marco normativo e competencial

O fundamento competencial da norma proxectada atópase analizado na exposición de motivos da Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, que establece o seguinte:



“O artigo 148.1.3 da Constitución española (CE) dispón que as comunidades autónomas poden asumir a competencia sobre «ordenación do territorio, urbanismo e vivenda». Así o fixo Galicia, recoñecendo a citada competencia e incluíndo, ademais, a ordenación «do litoral», ao dispoñer no artigo 27.3 do seu Estatuto de autonomía (EAG) que «no marco do presente Estatuto corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva sobre as seguintes materias: 3. Ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda»

Sobre a base das competencias autonómicas en materia de ordenación do territorio e do litoral (artigo 27.3 do EAG) aprobouse a Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, que se fundamenta, ademais, noutros títulos competenciais cando as súas previsións proxéctanse sobre o mar, tales como a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma sobre a pesca nas rías e nas demais augas interiores, o marisqueo e a acuicultura (artigo 27.15 do EAG) e sobre os portos autonómicos (artigo 27.9 do EAG), a competencia para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado en materia de ordenación do sector pesqueiro (artigo 28.5 do EAG) e portos pesqueiros (artigo 28.6 do EAG), ou a competencia de execución da lexislación do Estado en materia de salvamento marítimo (artigo 20.3 do EAG) e verteduras industriais e contaminantes nas augas territoriais do Estado correspondentes ao litoral galego (artigo 29.4 do EAG), por citar os títulos máis significativos. Débense engadir á anterior relación as competencias que lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ambiente, que foron progresivamente perfiladas polo Tribunal Constitucional na interpretación do artigo 149.1.23 da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva para ditar a «lexislación básica sobre a protección do ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de establecer normas adicionais de protección», e da asunción estatutaria das competencias, como a realizada no artigo 27.30 do Estatuto de autonomía de Galicia, ao recoñecer a competencia exclusiva da materia «normas adicionais sobre protección do ambiente e da paisaxe nos termos do artigo 149.1.23».



Como indica a exposición de motivos da Lei 4/2023, do 6 de xullo, «A integración esixe superar a visión sectorializada do litoral, en prol dunha xestión que tome en consideración os diversos usos e as actividades económicas que se proxectan e desenvolven no litoral, os diversos riscos e as ameazas que afecten os ecosistemas mariño-costeiros, así como as distintas administracións que concorran na súa ordenación e xestión, isto é, adoptar un enfoque integrado na xestión do litoral. É precisamente a aspiración de alcanzar unha xestión integrada do litoral a que esixe unha regulación como a presente, que distingue os espazos, os suxeitos e as actividades, máis sen esquecer que o litoral é unha entidade única e continua que require de regras de ordenación coherentes e de accións coordinadas».

Como regula a lei a xestión integrada é un proceso participativo, dinámico e adaptativo que, considerando a interrelación e interdependencia entre os fenómenos naturais e actividades humanas, persecue un desenvolvemento sostible integral, ambiental, social e económico, cunha xestión baseada nos ecosistemas para a protección dos seus servizos ecosistémicos e para potenciar a súa resiliencia, sobre todos os espazos terrestres, mariños e marítimo-terrestres nos que se percibe unha interacción terra-mar contrastada cientificamente.

En virtude do anterior, o capítulo IV do título I da Lei 4/2023, do 6 de xullo regula os Órganos de participación, consulta e asesoramento: a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo e o Foro do Litoral de Galicia que garantan a xestión integrada a través de técnicas adecuadas e efectivas de coordinación, colaboración, cooperación e participación.

O artigo 16.1 da devandita norma, crea o Foro do Litoral de Galicia como o máximo órgano colexiado de participación, asesoramento e consulta en materia de ordenación do litoral, integrado polas administracións, as universidades, os organismos científicos, as organizacións dos sectores produtivos, as organizacións ambientais e aquelas que teñan por obxectivo a defensa e a protección do patrimonio cultural.



3. Principios de boa regulación

De acordo co artigo 129.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a adecuación os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia xustifícase na memoria xustificativa do presente proxecto de decreto.

Así mesmo, obsérvase o cumprimento do resto do mandato contido no artigo 129 da Lei 39/2015:

- En virtude dos principios de necesidade e eficacia, a xustificación da necesidade normativa e os fins perseguidos figuran na memoria xustificativa.
- O proxecto respecta a lexislación básica comunitaria e estatal na materia, garantindo o principio de seguridade xurídica.

Polo exposto, este decreto adecúase aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, de conformidade co previsto no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e no artigo 37 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

4. Estrutura do proxecto normativo

O decreto estrutúrase en tres capítulos, 15 artigos, dúas disposicións adicionais e dúas derradeiras. O Capítulo I establece as disposicións de carácter xeral, o Capítulo II a composición do órgano, e o Capítulo III as normas básicas de funcionamento.

A Disposición adicional primeira dispón que non se producirá incremento de gasto. A disposición adicional segunda establece que o Foro do Litoral se constituirá no prazo



de tres meses, e as Disposicións derradeiras dispoñen a habilitación para o desenvolvemento normativo e a entrada en vigor.

5. Tramitación

Na elaboración desta disposición observáronse os trámites previstos na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e na restante normativa de obrigado cumprimento.

No expediente conséntase que de acordo co disposto no artigo 41.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, o proxecto de decreto acompáñase dos seguintes documentos, correspondentes á fase inicial da tramitación:

- Acordo de inicio (21/10/2024).
- Memoria Económico-financeira (7/2/2025).
- Memoria Xustificativa (7/2/2025).
- Informe do servizo Técnico-Xurídico da consellería (7/2/2025).
- Aprobación Inicial (7/2/2025).

Na fase intermedia da tramitación foi sometido a os seguintes trámites:

Informes e ditames: Durante a tramitación pronunciáronse sobre o proxecto os seguintes órganos:

- Informe da Dirección Xeral da Función Pública de 27 de maio de 2025.
- Informe da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio de 6 de maio de 2025.



- Informe da Dirección Xeral de planificación e orzamentos de 8 de maio de 2025.
- Informe sobre impacto de xénero da Secretaría Xeral de Igualdade de 9 de maio de 2025.
- Informe da subdirección xeral de Demografía e conciliación de cinco de 29 de abril de 2025.

Con data do 28 de abril de 2025 solicitouse informe ao Instituto Galego de Estatística, de acordo co artigo 21 da Lei 16/2021, do 20 de decembro, do Plan Galego de Estatística 2022-2026, no que se establece que o IGE debe ser consultado, con carácter previo, dos rexistros administrativos e sistemas de información susceptibles de explotación estatística, creados polos órganos e entidades do sector público autonómico, así como das modificacións que impliquen cambios en dita explotación. O dito informe foi emitido con data 29 de abril de 2025.

O proxecto publicouse no Portal de Transparencia da Xunta de Galicia o 10 de febreiro de 2025, tal e como consta no certificado emitido pola AMTEGA con data 11 de marzo de 2025.

Na fase final da tramitación, o expediente remítese a o preceptivo informe da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, emitíndose o informe favorable en data 26 de setembro de 2025. Unha vez revisado o texto despois do informe da Asesoría, detéctase algunha posibilidade de mellora na redacción do artigo 3.d) do Decreto, e substitúese a expresión "axentes económicos e sociais", por "colectivos", dado que se considera que reflexa de xeito máis correcto a finalidade da existencia e funcionamento do Foro do Litoral de Galicia.

A vista do anterior, e unha vez contrastada toda a documentación que consta no expediente, compróbase que a actuación desta Administración, tanto en canto á finalidade da norma como en canto á tramitación do expediente, adecuouse aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica,



transparencia e eficiencia, tal e como esixe o artigo 129.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

6. Legalidade

De conformidade co disposto no artigo 12 da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, deberá someterse á emisión de ditame polo Consello Consultivo de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 9.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e bo goberno, publicaranse os proxectos de disposicións administrativas de carácter xeral cando se soliciten os ditames aos órganos consultivos correspondentes, sen que elo supoña a apertura dun trámite de audiencia pública. O proxecto foi publicado no Portal de Transparencia e Goberno Aberto o día 2 de outubro do 2025.

Trala emisión do ditame preceptivo polo Consello Consultivo, consonte co establecido no artigo 12 c) da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, ao tratarse dun regulamento de execución dunha lei autonómica, o proxecto someterase á aprobación definitiva da persoa titular desta Consellería e finalmente remitirase á Comisión de Secretarios Xerais previa á súa aprobación polo Consello da Xunta de Galicia.

De conformidade co exposto, esta Secretaría Xeral Técnica informa favorablemente o proxecto de Decreto polo que se regula o Foro do litoral de Galicia.

Santiago de Compostela,

A secretaria xeral técnica

(documento asinado dixitalmente)

Carmen Bouso Montero

